



AVISO LEGAL , LEI 34/2002

OBXECTO

Este informe ten como finalidade informar acerca do texto necesario para a paxina web do concello que de cumprimento a lei 34/2002 de 11 de Xullo de Servizos da sociedade da información e o comercio electrónico.(LSSICE)

A finalidade de este informe é a petición do servizo de informática do Concello para incluír o texto de AVISO LEGAL na web e nas redes sociais do Concello.

TEXTO RECOMENDADO

Propiedade do sitio web

A utilización deste sitio web así como de calquera dos seus servizos implica a lectura, comprensión e aceptación do presente aviso legal por parte do usuario.

En cumprimento co establecido na Lei 34/2002 de 11 de Xullo, de Servizos da Sociedade da Información e o Comercio Electrónico (LSSICE), infórmase dos seguintes aspectos legais:

Responsable do sitio web: Concello de Salvaterra de Miño

Domicilio: Praza da constitución 1, Salvaterra de Miño (36450)

Mail: informatica@concellodesalvaterra.org

Condicións previas

As presentes condicións legais regulan o uso legal permitido deste sitio web, cuxo responsable legal é Concello do Salvaterra. Estas condicións xerais regulan o acceso e utilización que o titular da web pon a disposición dos usuarios de Internet. O acceso á mesma implica a súa aceptación sen reservas. Enténdese por usuario a persoa que acceda, navegue, utilice ou participe nos servizos e/ou actividades da Web.

O mero uso da web, así como solicitar información ou emitir un pedido, supón a aceptación plena das presentes condicións.

Uso do sitio web

O usuario obrígase a usar o sitio web, os servizos e os contidos do mesmo, de conformidade coa Lei, o presente Aviso Legal, os bos costumes e a orde pública.

Do mesmo xeito, os usuarios obrígase a usalos de forma diligente, correcta e lícita e non contrarios ao contido do presente Aviso Legal. En particular, comprométese a absterse de suprimir, eludir ou manipular o copyright e demais datos identificativos dos dereitos dos



seus titulares incorporados aos contidos, así como os dispositivos técnicos de protección, ou calquera mecanismos de información que puideren conter.

Queda expresamente prohibido realizar accións lesivas aos intereses ou dereitos de terceiros, ou que de calquera forma poida danar, inutilizar ou deteriorar a Web ou os seus servizos ou impedir un normal goce da Web por outros usuarios.

O usuario comprométese a non obstaculizar o acceso a outros usuarios ao servizo de acceso mediante o consumo masivo dos recursos informáticos a través dos cales Concello do Salvaterra presta o servizo, así como realizar accións que danen, interrompan ou xeren erros nos devanditos sistemas ou servizos.

O usuario comprométese a non introducir programas, virus, macros, applets, controis ActiveX ou calquera outro dispositivo lóxico ou secuencia de caracteres que causen ou sexan susceptibles de causar calquera tipo de alteración nos sistemas informáticos de Concello do Salvaterra ou de terceiros.

O usuario comprométese a non obter informacións, mensaxes, gráficos, debuxos, arquivos de son e/ou imaxe, fotografías, gravacións, software e en xeral, calquera clase de material accesible a través da Web ou dos servizos ofrecidos no mesmo.

Enténdese que o acceso ou utilización da Web por parte do usuario implica a aceptación por este do Aviso Legal que Concello do Salvaterra teña publicadas no momento do acceso, as cales estarán sempre dispoñibles para os usuarios.

O usuario comprométese a facer un uso adecuado dos contidos e servizos (por exemplo os comentarios, foros de opinión ou páxinas abertas ao lector) que Concello do Salvaterra ofrece na súa sede Web e a non empregalos para incorrer en actividades ilícitas ou contrarias á boa fe e ao ordenamento legal; difundir contidos ou propaganda de carácter racista, xenóforo, pornográfico-ilegal, de apología do terrorismo ou atentatorio contra os dereitos humanos.

Acceso á web e contrasinais

Algúns dos servizos e contidos ofrecidos por Concello do Salvaterra poden atoparse suxeitos a contratación previa do servizo e ao pago dunha cantidade de diñeiro na forma que se determine nas Condicións Xerais de Contratación, nese caso poranse á súa disposición de forma clara.

O acceso e navegación nesta web non precisa rexistro por parte do usuario, polo que non se solicitan datos persoais do mesmo, fóra dos especificados na política de cookies ou que o usuario os forneza a través dalgún formulario de contacto ou similar desta web e nese caso, os datos trátanse e almacénanse seguindo as condicións especificadas na política de cookies ou privacidade, segundo corresponda.

Menores de idade

Queda prohibida a contratación de produtos ou servizos a través da Web por parte de menores de idade, debendo obter debidamente e con anterioridade, o consentimento dos



seus pais, titores ou representantes legais, os cales serán considerados como responsables dos actos que leven a cabo os menores ao seu cargo.

Modificación das condicións do Aviso Legal

Concello do Salvaterra se reserva expresamente o dereito a modificar o presente Aviso Legal. O usuario reconece e acepta que é a súa responsabilidade revisar a Web e o presente Aviso Legal.

Limitación de garantías e responsabilidades

Concello do Salvaterra comprométese a realizar os seus mellores esforzos para evitar calquera erro nos contidos que puidesen aparecer na Web. En calquera caso, Concello do Salvaterra estará exenta de calquera responsabilidade derivada de eventuais erros nos contidos que puidesen aparecer na Web, sempre que non lle sexan imputables.

Concello do Salvaterra non garante que a Web e o servidor estean libres de virus e non se fai responsable dos posibles danos ou prexuízos que se poidan derivar de interferencias, omisións, interrupcións, virus informáticos, avarías telefónicas ou desconexións no funcionamento operativo deste sistema electrónico, motivado por causas alleas a Concello do Salvaterra, de atrasos ou bloqueos no uso deste sistema electrónico causados por deficiencias de liñas telefónicas ou sobrecargas no sistema de Internet ou noutros sistemas electrónicos, así como tamén de danos que poidan ser causados por terceiras persoas mediante intromisións ilexítimas fose do control de Concello do Salvaterra.

Propiedade intelectual e industrial

Todos os nomes comerciais, marcas ou signos distintos de calquera clase contidos nas páxinas Web da empresa son propiedade dos seus donos e están protexidos por lei.

Todos os dereitos de Propiedade Industrial e Intelectual da Web e dos seus contidos (textos, imaxes, sons, audio, vídeo, deseños, creatividade, software) pertencen, como autor de obra colectiva ou como cesionaria, a Concello do Salvaterra ou, no seu caso, a terceiras persoas.

Quedan expresamente prohibidas a reprodución, a distribución e a comunicación pública, incluída a súa modalidade de posta a disposición, da totalidade ou parte dos contidos desta páxina Web, con fins comerciais, en calquera soporte e por calquera medio técnico, sen a autorización de Concello do Salvaterra. O usuario comprométese a respectar os dereitos de Propiedade Industrial e Intelectual titularidade de Concello do Salvaterra e de terceiros.

Aos efectos do previsto no artigo 32.1 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, Concello do Salvaterra oponse expresamente á utilización de calquera contidos de sitio web coa finalidade de realizar reseñas noutros medios telemáticos ou en formato papel con fins comerciais sen contar coa previa autorización de Concello do Salvaterra.

O usuario pode visualizar todos os elementos, imprimilos, copialos e almacenalos no disco duro do seu computador ou en calquera outro soporte físico a condición de que



sexa, única e exclusivamente, para o seu uso persoal e privado, quedando, por tanto, terminantemente prohibida a súa utilización con fins comerciais, a súa distribución, así como a súa modificación, alteración ou descompilación.

Concello do Salvaterra proporciona o acceso a todo tipo de informacións, servizos, programas ou datos en Internet que poden pertencer a terceiras persoas, nese caso Concello do Salvaterra non se fai responsable dos devanditos contidos nin de cantas reclamacións poidan derivarse da calidade, fiabilidade, exactitude ou corrección dos mesmos.

Responsabilidade por ligazóns

O sitio web non dispón de ligazóns ou hipervínculos de terceiros.

Exclusión de responsabilidade

Concello do Salvaterra, non se fai responsable das perdas ou prexuízos que poida ocasionar ao usuario ou visitante unha eventual caída do servizo, así como tampouco será responsable de problemas xurdidos pola falta de interactividade entre os usuarios ou visitantes nestas situacións.

Lexislación aplicable e xurisdición

Todas as cuestións que se susciten entre Concello do Salvaterra e o usuario relativas á interpretación, cumprimento e validez do presente Aviso Legal rexeranse polas súas propias cláusulas e, no que nelas non estiver previsto, de acordo coa lexislación española, someténdose expresamente as partes á xurisdición dos Xulgados e Tribunais do domicilio de Concello do Salvaterra.

O DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS
Arán Feijoo Covelo
Asinado electrónicamente na marxe